



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DOS ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN

NÚMERO ACTA: **2025/12**

TIPO DE SESIÓN: **ORDINARIA**

DATA: **Venres, 26 de setembro de 2025**

LUGAR DE CELEBRACIÓN: **Salón de Plenos do Concello de Lousame**

HORA DE COMEZO: **20:35**

HORA DE REMATE: **21:18**

No día de hoxe, á hora indicada, baixo a presidencia da Alcaldía, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión 2025/12 - Ordinaria**, do Pleno da Corporación

PRESIDE:

ESTEBAN ARES GARCÍA (PP)

ASISTEN:

PP

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL

MARIEL AGRAFOJO NIETO

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE

JUAN JOSÉ PREGO CES

IRIA INSUA GONZÁLEZ

CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

BEGOÑA MAROÑAS MAROÑAS

GRUPO MIXTO (BNG)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

Ningunha

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ORDE DO DÍA:

Parte resolutive:

- 1.- Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira presentada por D^a M^a Teresa Villaverde Pais e renuncia anticipada presentada por D. Tomás Pedrosa Brenlla. Solicitud de remisión de credencial á Xunta Electoral Central (2025/X998/000053)
- 2.- Aprobación das seguintes actas: sesión ordinaria do 24/07/2025; extraordinaria do 03/09/2025; extraordinaria e urxente do 16/09/2025 e extraordinaria e urxente do 18/09/2025 (2025/G006/000196)
- 3.- Inclusión, se procede, doutros asuntos por razón de urxencia.

Parte de control:

- 4.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 409/2025 á 523/2025 (2025/G006/000197)
- 5.- Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL: sesión do 24/07/2025 e 03/09/2025 (2025/G006/000198)
- 6.- Dación de conta dos informes da Intervención en relación coa LOEPSF (2025/G006/000199)
- 7.- Dación de conta do PMP do 2T/2025 (2025/X998/000035)
- 8.- Inclusión, se procede, doutras mocións por razón de urxencia.
- 9.- Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000012** e identificado pola pegada dixital:

d616e732b0691b576891711cc3fd9f93b4cbb4a4bb5c96c7dbb421d83150ba6

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos>

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA PRESENTADA POR D^a M^a TERESA VILLAVERDE PAIS E RENUNCIA ANTICIPADA PRESENTADA POR D. TOMÁS PEDROSA BRENNLA. SOLICITUDE DE REMISIÓN DE CREDENCIAL Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL (2025/X998/000053).

Asunto: Renuncia ao cargo de concelleira desta Corporación presentado por M^a Teresa Villaverde Pais (18/09/2025) e Tomás Pedrosa Brenlla (18/09/2025).

Expediente: 2025/X998/000053

ANTECEDENTES:

1. O día 18/09/2025 con rexistro de entrada 1514, D^a M^a Teresa Villaverde Pais, concelleira desta Corporación, pertencente ao GPM do PP, presenta escrito no rexistro municipal, asinado de xeito manuscrito, no que manifesta, en resumo:

*<<Eu, M^a Teresa Villaverde Pais, con DNI ***1742**, estiven ostentando o cargo de Alcaldesa Presidenta do Concello de Lousame tras os resultados das últimas eleccións municipais con data 28 de maio de 2023, até o día 16/09/2025; momento no que o Pleno Corporativo tomou coñecemento da miña renuncia ao cargo de Alcaldesa.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Unha vez ultimada a elección do novo Alcalde de Lousame, D. Esteban Ares García, por motivos estritamente persoais, tomo a decisión PRESENTAR A MIÑA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA desta Corporación Municipal.

Así, mediante o presente escrito comunico a miña decisión de renunciar de forma voluntaria e irrevogable ao cargo de concelleira de Lousame.

Solicito que se proceda a dar conta desta renuncia no próximo Pleno Municipal (26/09/2025) e que se tramite a corresponde substitución, conforme ao procedemento previsto na lexislación de réxime electoral.

*Lousame, a 18 de setembro de 2025.
M^a Teresa Villaverde Pais>>*

2. O día 18/09/2025 con rexistro de entrada 1515, D. Tomás Pedrosa Brenlla, que ocupa o lugar número 7 da candidatura do PP nas eleccións de maio de 2023 (BOP núm. 82 do 02/05/2023), presenta escrito no rexistro municipal, asinado de xeito manuscrito, no que manifesta, en resumo:

<< Eu, Tomás Pedrosa Brenlla, con DNI 78800133V, EXPOÑO:

Tendo coñecemento da presentación da renuncia ao seu cargo de concelleira, efectuada por Dona María Teresa Villaverde Pais, o día 18/09/2025, tras a celebración do pleno de elección do novo Alcalde de Lousame.

Sabendo que, conforme ao establecido no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREG) a vacante será cuberta polo seguinte candidato da lista electoral coa que se concorreu ás eleccións municipais, corresponderíame a min ocupar a dita vacante.

Por motivos estritamente persoais comunico a miña decisión irrevogable de non aceptar e renuncio a ocupar o dito cargo de concelleiro.

Por todo isto é polo que solicito, que a vacante pase a ser ocupada pola seguinte persoa candidata na lista electoral.

Prégase que se dea conta desta renuncia no próximo Pleno municipal de maneira que se tramite a correspondente substitución o mais axiña posible.

*Lousame, a 18 de setembro de 2025
Tomás Pedrosa Brenlla>>*

3. O día 18/09/2025 D. Tomás Pedrosa Brenlla comparece persoalmente ante a Secretaría do Concello de Lousame, a efectos de ratificar a súa renuncia anticipada ao cargo de concelleiro de Lousame.

Á vista do anterior, e no cumprimento do artigo 182 da Lei 5/1985, de 5 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, así como a Instrución da Xunta Electoral Central de 30 de xaneiro de 2025, o Pleno Corporativo

PRIMEIRO: Toma coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira desta Corporación, presentada por dona María Teresa Villaverde Pais, mediante escrito do día 18/09/2025 con rexistro de entrada 1514; renuncia que se fai efectiva neste momento.

SEGUNDO: Toma coñecemento da renuncia anticipada ao cargo de concelleiro desta Corporación, presentada por don Tomás Pedrosa Brenlla, presentada mediante escrito do día 18/09/2025 con rexistro de entrada 1515, renuncia ratificada persoalmente ante a Secretaría da Corporación o día 18/09/2025.

TERCEIRO: Ordena remitir certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa a favor de Dona YESICA FERNANDEZ MIGUENS, que ocupa o lugar





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

número 8 da candidatura do Partido Popular, nas eleccións municipais de maio de 2023 (BOP da Coruña núm. 82 do 02/05/2023), para que poida tomar posesión do seu cargo.

2.- APROBACIÓN DAS SEGUINTES ACTAS: SESIÓN ORDINARIA DO 24/07/2025; EXTRAORDINARIA DO 03/09/2025; EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 16/09/2025 E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 18/09/2025 (2025/G006/000196).

O Alcalde somete a aprobación os borradores das actas das sesións do 24/07/2025, 03/09/2025, 16/09/2025 e 18/09/2025. Pregunta se hai intervencións. Non habendo somete os borradores a aprobación.

— *Acta da sesión ordinaria do 24/07/2025*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión ordinaria do día 24/07/2025.

— *Acta da sesión extraordinaria do 03/09/2025*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria do día 03/09/2025.

— *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 16/09/2025*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria e urxente do día 16/09/2025.

— *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 18/09/2025*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria e urxente do día 18/09/2025.

3.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTROS ASUNTOS POR RAZÓN DE URXENCIA.

Non se presentan.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 409/2025 Á 523/2025 (2025/G006/000197)

O Alcalde da conta das Resolucións emitidas pola Alcaldía do Concello de Lousame, da 409/2025 á 523/2025.

A Corporación toma coñecemento.

5.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XGL: SESIÓN DO 24/07/2025 E 03/09/2025 (2025/G006/000198)

O Alcalde da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, mediante a remisión das seguintes actas:

- Acta XGL do 24/07/2025
- Acta XGL do 03/09/2025

A Corporación toma coñecemento.

6.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN EN RELACIÓN COA LOEPSF (2025/G006/000199)

O Alcalde da conta dos Informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria emitidos nos seguintes expedientes:

- MC 19/2025
- MC 20/2025
- MC 21/2025

A Corporación toma coñecemento.

7.- DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 2T/2025 (2025/X998/000035)

A Alcaldía da conta do Período Medio de Pagamento a Provedores do 2º trimestre do exercicio 2025 que ascende a 26,29 días.

A Corporación toma coñecemento.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

8.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTRAS MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

8.1.- MOCIÓN DO GPM DO PP PARA O APOIO ÁS MEDIDAS DA XUNTA DE GALICIA FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS

A Alcaldía xustifica a urxencia da moción. Finalizada, de ser o caso, a quenda de intervencións, somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na orde do día do Pleno.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

Dª Silvia Agrafojo Filgueira procede á lectura da moción, que é do seguinte teor literal:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE LOUSAME PARA O APOIO ÁS MEDIDAS DA XUNTA DE GALICIA FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia sufriu no me de agosto de 2025 unha vaga de incendios forestais de magnitude sen precedentes en Galicia. A provincia de Ourense concentra a maior parte dos focos, con incendios de gran magnitude, xunto con outros en municipios da provincia de Lugo e zonas da provincia da Coruña e Pontevedra.

Esta traxedia, ademais das consecuencias ambientais, puxo en risco vivendas, explotacións gandeiras e agrícolas, infraestruturas públicas e, sobre todo, a vida das persoas. Vivimos unha situación de incendios anómala e de especial virulencia polas condicións climáticas actuais.

As investigacións en marcha indican que a gran maioría destes incendios foron provocados, unha realidade que engade dor á devastación sufrida e que pon de manifesto a necesidade de seguir reforzando a loita contra os incendiarios, a persecución penal destes delitos e as campañas de concienciación cidadá. Galicia non pode tolerar que o esforzo de tantas persoas e o valor do noso patrimonio natural quede á mercé da acción irresponsable e criminal dunha minoría.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, exerceu un papel de liderado claro e firme, desprazándose en varias ocasións ás zonas máis afectadas, supervisando o operativo a diario e transmitindo á cidadanía mensaxes de serenidade e confianza. O presidente destacou que “houbo máis medios ca nunca” e que a decisión de activar a máxima emerxencia foi clave para garantir unha resposta rápida e eficaz.

Resulta necesario subliñar que estamos ante un esforzo histórico en extinción, no que o Goberno galego despregou o maior dispositivo da súa historia: máis de 3.000 profesionais do servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais, máis de 200 bombeiros, GES e Protección Civil, 343 efectivos en brigadas municipais, 380 motobombas, 39 buldózer, 12 batracios, máis de 30 medios aéreos e persoal da Policía Autonómica, da UME e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A resposta da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, foi inmediata e contundente. Ademais, na provincia de Ourense activouse o nivel 2 de emerxencia o día 12 de agosto, o que permitiu mobilizar todos os recursos dispoñibles, incluída a Unidade Militar de Emerxencias (UME), que se sumou aos medios autonómicos e locais.

Cómpre poñer en valor o extraordinario esforzo realizado por eses efectivos despregados. Grazas á súa entrega e valentía, tamén do de centos de voluntarios e veciños que colaboraron activamente, salváronse vidas humanas, protexéronse vivendas e minimizáronse danos que, doutra maneira, poderían ter sido aínda maiores.

A virulencia dos lumes, favorecida polas condicións climáticas extremas e pola seca acumulada, obrigou a priorizar a defensa das persoas e das vivendas mediante unha triaxe e redistribución constante dos medios no territorio. Desde o primeiro momento solicitouse a colaboración do Goberno central, con especial insistencia na achega de maquinaria pesada e medios aéreos adicionais.

Unha vez controlada a emerxencia inmediata, ábrese agora unha nova etapa: a da recuperación. O impacto destes incendios é enorme. Miles de hectáreas de monte quedaron devastadas, con graves riscos de erosión e perda de biodiversidade. Familias, agricultores e gandeiros viron como o lume destruíu as súas explotacións, maquinaria, colleitas ou pastos. Tamén o sector turístico e hostaleiro de moitas comarcas sufriu un duro golpe pola paralización da súa actividade en pleno verán.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Neste sentido, o Goberno galego está ao carón dos afectados polos incendios, impulsando un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. Tal e como anunciou o presidente, a Xunta habilitou de maneira inmediata e urxente un paquete de axudas para que as persoas damnificadas poidan solicitar compensacións sen demora. Estas axudas están dirixidas tanto a familias como a explotacións agrogandeiras e empresas locais, conscientes de que a recuperación económica e social das zonas afectadas é unha prioridade. Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado. Así mesmo, desenvólvese un plan específico de restauración hidrolóxica e forestal para frear a erosión, recuperar o solo e favorecer a rexeneración natural da vexetación.

Nesta nova etapa cómpre destacar tamén o traballo de prevención levado a cabo no marco do Pladiga 2025, que inclúe actuacións estratéxicas como a creación de áreas cortalumes en máis de mil hectáreas, faixas auxiliares de pista en preto de 970 hectáreas, mellora de máis de 400 quilómetros de pistas forestais, tratamentos silvícolas preventivos, queimas prescritas en máis de 1.400 hectáreas e a revisión e mantemento de máis de 5.000 puntos de auga.

A isto engádense subvencións de 3 millóns de euros destinadas á prevención de danos nos bosques, que permitirán actuar en máis de 4.000 hectáreas. Só entre abril de 2024 e marzo de 2025 xestionáronse máis de 60.000 hectáreas de superficie, preto de 5.400 km de vías, 17 km de sistemas silvopastorais, case 4.900 puntos de auga e máis de 47.000 hectáreas de parcelas revisadas no estado da súa biomasa.

Neste mesmo eido é salientable o convenio de colaboración coa Fegamp e coa empresa pública Seaga para a xestión da biomasa preto das vivendas. A pesar de que a lei atribúe a responsabilidade da limpeza das faixas de protección aos propietarios e, subsidiariamente, aos concellos, a Xunta de Galicia leva desde 2018 asumindo un papel activo para facilitar esta tarefa. O último convenio, vixente ata o 31 de decembro de 2024, foi renovado este ano cunha dotación de 12,25 millóns de euros (7,75 achegados pola Consellería do Medio Rural e 4,5 procedentes do Fondo de Cooperación Local).

No marco do convenio anterior inspeccionáronse preto de 2,34 millóns de parcelas, que supoñen máis de 170.000 hectáreas, emitíronse máis de 590.000 notificacións e publicáronse case 357.000 referencias catastrais. Estes datos amosan a eficacia dun instrumento que axuda aos concellos a cumprir unha tarefa imprescindible para garantir a seguridade das persoas e dos bens.

Ademais, o Goberno galego vén de anunciar que a Xunta axudará aos concellos a asumir a xestión e limpeza das faixas secundarias naqueles municipios de menos de 10.000 habitantes, identificando así mesmocos concellos as rozas máis urxentes e prioritarias.

Tendo en conta que estes incendios foron, na súa gran maioría, provocados de maneira intencionada, estamos obrigados a reforzar as políticas de prevención e vixilancia, creación de franxas cortalumes, mantemento de pistas forestais, depósitos de auga estratéxicos e incremento das tarefas de control durante os meses de maior risco. E, ao mesmo tempo, a intensificar a persecución penal dos incendiarios e as campañas de concienciación social que contribúan a erradicar esta lacra.

Por todo iso, resulta imprescindible que todas as administracións —a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos— traballen conxuntamente nun marco de cooperación real e efectiva, sumando recursos e experiencias para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta.

Finalmente, é necesario salientar o esforzo orzamentario realizado pola Xunta de Galicia, cun investimento en 2025 que rolda os 180 millóns de euros na Dirección Xeral de Defensa do Monte, dos cales uns 50 millóns se destinan especificamente a prevención. Se sumamos outras iniciativas da Consellería do Medio Rural, en especial da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a cifra total ascende a uns 200 millóns de euros. Entre estas medidas cómpre citar o plan anual de recuperación da terra agraria, o plan de pastos, as axudas para a recuperación de soutos, a creación de novas superficies forestais, a xestión activa de frondosas, o fomento da boa gobernanza da propiedade forestal privada e o apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta.

Por todos estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inacción para os profesionais sanitarios e a poboación, presentamos as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**

1. Instar á Xunta de Galicia a resolver con axilidade e celeridade as axudas habilitadas en apoio ás persoas, familias, empresas e explotacións gandeiras e agrícolas afectadas polos incendios.
2. Solicitar, ás administracións competentes estatal e autonómica, no ámbito das súas competencias (nomeadamente Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) que seintensifiquen e coordinen as medidas de recuperación ambiental, incluíndo actuacións inmediatas de protección do solo, restauración hidrolóxica e forestal, e plans de recuperación da biodiversidade das zonas queimadas.
3. Instar á Xunta de Galicia a fortalecer os programas de prevención e vixilancia en colaboración cos concellos, garantindo o reforzo das brigadas, a mellora das infraestruturas de defensa e a limpeza de masas forestais nas zonas de maior risco.
4. Propoñer a creación de mecanismos de coordinación permanente fronte a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta ante futuros episodios de incendios forestais.
5. Instar ao Goberno de España á creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias (UME) en Galicia, nas instalacións do Centro Integral de Loita contra o Lume no concello de Toén.
6. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, ás deputacións e á Fegamp, convidando a todas as administracións a sumar esforzos no camiño da prevención, recuperación e defensa do noso territorio.

En Lousame, a 26 setembro de 2025

Fdo.: O voceiro do Grupo Municipal Popular





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Iníciase a quenda de intervencións, durante as cales o voceiro do Grupo Mixto propón incluír algúns puntos máis na moción. A súa proposta é aceptada polo grupo político propoñente da moción.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación, coa modificación proposta polo Grupo Mixto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, adopta o seguinte acordo:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia sufriu no me de agosto de 2025 unha vaga de incendios forestais de magnitude sen precedentes en Galicia. A provincia de Ourense concentra a maior parte dos focos, con incendios de gran magnitude, xunto con outros en municipios da provincia de Lugo e zonas da provincia da Coruña e Pontevedra.

Esta traxedia, ademais das consecuencias ambientais, puxo en risco vivendas, explotacións gandeiras e agrícolas, infraestruturas públicas e, sobre todo, a vida das persoas. Vivimos unha situación de incendios anómala e de especial virulencia polas condicións climáticas actuais.

As investigacións en marcha indican que a gran maioría destes incendios foron provocados, unha realidade que engade dor á devastación sufrida e que pon de manifesto a necesidade de seguir reforzando a loita contra os incendiarios, a persecución penal destes delitos e as campañas de concienciación cidadá. Galicia non pode tolerar que o esforzo de tantas persoas e o valor do noso patrimonio natural quede á mercé da acción irresponsable e criminal dunha minoría.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, exerceu un papel de liderado claro e firme, desprazándose en varias ocasións ás zonas máis afectadas, supervisando o operativo a diario e transmitindo á cidadanía mensaxes de serenidade e confianza. O presidente destacou que “houbo máis medios ca nunca” e que a decisión de activar a máxima emerxencia foi clave para garantir unha resposta rápida e eficaz.

Resulta necesario subliñar que estamos ante un esforzo histórico en extinción, no que o Goberno galego despregou o maior dispositivo da súa historia: máis de 3.000 profesionais do servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais, máis de 200 bombeiros, GES e Protección Civil, 343 efectivos en brigadas municipais, 380 motobombas, 39 buldózer, 12 batracios, máis de 30 medios aéreos e persoal da Policía Autonómica, da UME e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A resposta da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, foi inmediata e contundente. Ademais, na provincia de Ourense activouse o nivel 2 de emerxencia o día 12 de agosto, o que permitiu mobilizar todos os recursos dispoñibles, incluída a Unidade Militar de Emerxencias (UME), que se sumou aos medios autonómicos e locais.

Cómpre poñer en valor o extraordinario esforzo realizado por eses efectivos despregados. Grazas á súa entrega e valentía, tamén do de centos de voluntarios e veciños que colaboraron activamente, salváronse vidas humanas, protexéronse vivendas e minimizáronse danos que, doutra maneira, poderían ter sido aínda maiores.

A virulencia dos lumes, favorecida polas condicións climáticas extremas e pola seca acumulada, obrigou a priorizar a defensa das persoas e das vivendas mediante unha triaxe e redistribución constante dos medios no territorio. Desde o primeiro momento solicitouse a colaboración do Goberno central, con especial insistencia na achega de maquinaria pesada e medios aéreos adicionais.

Unha vez controlada a emerxencia inmediata, ábrese agora unha nova etapa: a da recuperación. O impacto destes incendios é enorme. Miles de hectáreas de monte quedaron devastadas, con graves riscos de erosión e perda de biodiversidade. Familias, agricultores e gandeiros viron como o lume destruíu as súas explotacións, maquinaria, colleitas ou pastos. Tamén o sector turístico e hostaleiro de moitas comarcas sufriu un duro golpe pola paralización da súa actividade en pleno verán.



Neste sentido, o Goberno galego está ao carón dos afectados polos incendios, impulsando un gran esforzo técnico e



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. Tal e como anunciou o presidente, a Xunta habilitou de maneira inmediata e urxente un paquete de axudas para que as persoas damnificadas poidan solicitar compensacións sen demora. Estas axudas están dirixidas tanto a familias como a explotacións agrogandeiras e empresas locais, conscientes de que a recuperación económica e social das zonas afectadas é unha prioridade. Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado. Así mesmo, desenvólvese un plan específico de restauración hidrolóxica e forestal para frear a erosión, recuperar o solo e favorecer a rexeneración natural da vexetación.

Nesta nova etapa cómpre destacar tamén o traballo de prevención levado a cabo no marco do Pladiga 2025, que inclúe actuacións estratéxicas como a creación de áreas cortalumes en máis de mil hectáreas, faixas auxiliares de pista en preto de 970 hectáreas, mellora de máis de 400 quilómetros de pistas forestais, tratamentos silvícolas preventivos, queimas prescritas en máis de 1.400 hectáreas e a revisión e mantemento de máis de 5.000 puntos de auga.

A isto engádense subvencións de 3 millóns de euros destinadas á prevención de danos nos bosques, que permitirán actuar en máis de 4.000 hectáreas. Só entre abril de 2024 e marzo de 2025 xestionáronse máis de 60.000 hectáreas de superficie, preto de 5.400 km de vías, 17 km de sistemas silvopastorais, case 4.900 puntos de auga e máis de 47.000 hectáreas de parcelas revisadas no estado da súa biomasa.

Neste mesmo eido é salientable o convenio de colaboración coa Fegamp e coa empresa pública Seaga para a xestión da biomasa preto das vivendas. A pesar de que a lei atribúe a responsabilidade da limpeza das faixas de protección aos propietarios e, subsidiariamente, aos concellos, a Xunta de Galicia leva desde 2018 asumindo un papel activo para facilitar esta tarefa. O último convenio, vixente ata o 31 de decembro de 2024, foi renovado este ano cunha dotación de 12,25 millóns de euros (7,75 achegados pola Consellería do Medio Rural e 4,5 procedentes do Fondo de Cooperación Local).

No marco do convenio anterior inspeccionáronse preto de 2,34 millóns de parcelas, que supoñen máis de 170.000 hectáreas, emitíronse máis de 590.000 notificacións e publicáronse case 357.000 referencias catastrais. Estes datos amosan a eficacia dun instrumento que axuda aos concellos a cumprir unha tarefa imprescindible para garantir a seguridade das persoas e dos bens.

Ademais, o Goberno galego vén de anunciar que a Xunta axudará aos concellos a asumir a xestión e limpeza das faixas secundarias naqueles municipios de menos de 10.000 habitantes, identificando así mesmocos concellos as rozas máis urxentes e prioritarias.

Tendo en conta que estes incendios foron, na súa gran maioría, provocados de maneira intencionada, estamos obrigados a reforzar as políticas de prevención e vixilancia, creación de franxas cortalumes, mantemento de pistas forestais, depósitos de auga estratéxicos e incremento das tarefas de control durante os meses de maior risco. E, ao mesmo tempo, a intensificar a persecución penal dos incendiarios e as campañas de concienciación social que contribúan a erradicar esta lacra.

Por todo iso, resulta imprescindible que todas as administracións —a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos— traballen conxuntamente nun marco de cooperación real e efectiva, sumando recursos e experiencias para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta.

Finalmente, é necesario salientar o esforzo orzamentario realizado pola Xunta de Galicia, cun investimento en 2025 que rolda os 180 millóns de euros na Dirección Xeral de Defensa do Monte, dos cales uns 50 millóns se destinan especificamente a prevención. Se sumamos outras iniciativas da Consellería do Medio Rural, en especial da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a cifra total ascende a uns 200 millóns de euros. Entre estas medidas cómpre citar o plan anual de recuperación da terra agraria, o plan de pastos, as axudas para a recuperación de soutos, a creación de novas superficies forestais, a xestión activa de frondosas, o fomento da boa gobernanza da propiedade forestal privada e o apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta.



Por todos estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inacción para os profesionais sanitarios e a



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

poboación, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

1. Instar á Xunta de Galicia a resolver con axilidade e celeridade as axudas habilitadas en apoio ás persoas, familias, empresas e explotacións gandeiras e agrícolas afectadas polos incendios.
2. Solicitar, ás administracións competentes estatal e autonómica, no ámbito das súas competencias (nomeadamente Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) que se intensifiquen e coordinen as medidas de recuperación ambiental, incluíndo actuacións inmediatas de protección do solo, restauración hidrolóxica e forestal, e plans de recuperación da biodiversidade das zonas queimadas.
3. Instar á Xunta de Galicia a fortalecer os programas de prevención e vixilancia en colaboración cos concellos, garantindo o reforzo das brigadas, a mellora das infraestruturas de defensa e a limpeza de masas forestais nas zonas de maior risco.
4. Propoñer a creación de mecanismos de coordinación permanente entre a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta fronte a futuros episodios de incendios forestais.
5. Instar ao Goberno de España á creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias(UME) en Galicia, nas instalacións do Centro Integral de Loita contra o Lume no concello de Toén.
6. Instar á Xunta de Galicia a:
 - duplicar os fondos destinados a prevención de incendios nos próximos dous anos
 - concretar como serán as medidas de apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes para asumir a xestión e limpeza das faixas secundarias
 - Restauración das zonas afectadas.
 - Mellora das condicións de emprego do persoal que participa nas tarefas de prevención e extinción.
7. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, ás deputacións e á Fegamp, convidando a todas as administracións a sumar esforzos no camiño da prevención, recuperación e defensa do noso territorio.

8.2.- MOCIÓN CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA LOITA CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE quere presentar unha moción que sexa conxunta de toda a Corporación, en relación co Día Internacional da loita contra a explotación sexual, que foi o 23/09/2025.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, adopta o seguinte acordo: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

A Secretaria da lectura á moción que é do seguinte teor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de setembro cumpríronse 111 anos da aprobación da primeira lei no mundo contra a prostitución infantil (Arxentina). Por iso, a ONU escolleu esta data no ano 1999 para conmemorar o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, lembrándonos que esta loita é universal e segue a ser urxente.

A trata con fins de explotación sexual é unha das violencias máis crueis contra os dereitos humanos. É a expresión máis extrema da desigualdade e da mercantilización dos corpos de mulleres e nenas, atentando contra a súa liberdade, a súa integridade e a súa dignidade. E interpélanos como sociedade. Lonxe de ser un problema alleo, segue a ser unha realidade que nos atravesa.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Os datos son demoledores. Segundo a Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito, o 96% das vítimas de trata con fins de explotación sexual son mulleres e nenas, moitas delas menores. En España, a situación é especialmente grave: somos un dos países europeos onde máis mulleres son prostituídas. O 39% dos homes españois acudiu á prostitución polo menos unha vez na súa vida, o dobre que a media europea. Esta demanda alimenta o negocio da trata e coloca o noso país como porta de entrada, destino e tránsito de vítimas, especialmente mulleres migrantes en situación de gran vulnerabilidade.

O *Informe Global sobre Trata de Persoas* de 2022 confirma que a explotación sexual segue a ser un dos principais fins da trata, cun 38,7% dos casos identificados. Das máis de 51.000 vítimas rexistradas no mundo, o 60% son mulleres e nenas, e delas, o 91% sofren explotación sexual. En España, o Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado rexistrou no 2023 que o 97,6% das vítimas de trata sexual son mulleres e nenas. Datos que nos deixan un titular dramático: a trata ten rostro de muller e de nena.

Neste contexto, o Goberno de España impulsou o Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra a Trata e a Explotación de Seres Humanos, que por primeira vez adopta un enfoque integral. Esta norma vai máis alá da resposta penal e aborda tamén a prevención, sensibilización, detección temperá e asistencia integral ás vítimas.

A tecnoloxía abriu novas vías para captar e controlar vítimas, especialmente menores, a través de redes sociais e plataformas dixitais. Isto esixe unha resposta legal adaptada aos novos escenarios dixitais, algo que non será doado, mais non por iso deixaremos de traballar para a poñer en marcha.

A loita contra a trata require un enfoque integral, interseccional e sostido, que inclúa a cooperación internacional, a educación en igualdade e o fortalecemento dos marcos legais. Só así poderemos construír unha sociedade libre de explotación sexual, baseada no respecto, a xustiza e a igualdade.

A prostitución e a trata están intimamente ligadas. Sen demanda de prostitución, non existiría a trata: son dúas caras da mesma moeda. Por iso, débese traballar para abolir a prostitución, convencidos de que a liberdade e a igualdade das mulleres son incompatibles coa súa mercantilización.

Este 23 de setembro, renovamos o noso compromiso con todas as vítimas. Avogamos por un futuro no que ningunha muller, nena ou neno sexa tratado como mercadoría, e onde os seus dereitos e dignidade sexan plenamente respectados.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Lousame presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes

ACORDOS

1. Impulsar, no ámbito das competencias municipais, políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e á abolición da prostitución.
1. Impulsar, no ámbito das competencias municipais, campañas de sensibilización orientadas a informar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acoden a ela.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación, dándolle o tratamento de moción conxunta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, adopta o seguinte acordo:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de setembro cúmplense 111 anos da aprobación da primeira lei no mundo contra a prostitución infantil (Arxentina). Por iso, a ONU escolleu esta data no ano 1999 para conmemorar o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, lembrándonos que esta loita é universal e segue a ser urxente.

A trata con fins de explotación sexual é unha das violencias máis crueis contra os dereitos humanos. É a expresión máis extrema da desigualdade e da mercantilización dos corpos de mulleres e nenas, atentando contra a súa liberdade, a súa integridade e a súa dignidade. E interpélanos como sociedade. Lonxe de ser un problema alleo, segue a ser unha realidade que nos atravesamos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Os datos son demoledores. Segundo a Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito, o 96% das vítimas de trata con fins de explotación sexual son mulleres e nenas, moitas delas menores. En España, a situación é especialmente grave: somos un dos países europeos onde máis mulleres son prostituídas. O 39% dos homes españois acudiu á prostitución polo menos unha vez na súa vida, o dobre que a media europea. Esta demanda alimenta o negocio da trata e coloca o noso país como porta de entrada, destino e tránsito de vítimas, especialmente mulleres migrantes en situación de gran vulnerabilidade.

O *Informe Global sobre Trata de Persoas* de 2022 confirma que a explotación sexual segue a ser un dos principais fins da trata, cun 38,7% dos casos identificados. Das máis de 51.000 vítimas rexistradas no mundo, o 60% son mulleres e nenas, e delas, o 91% sofren explotación sexual. En España, o Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado rexistrou no 2023 que o 97,6% das vítimas de trata sexual son mulleres e nenas. Datos que nos deixan un titular dramático: a trata ten rostro de muller e de nena.

Neste contexto, o Goberno de España impulsou o Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra a Trata e a Explotación de Seres Humanos, que por primeira vez adopta un enfoque integral. Esta norma vai máis alá da resposta penal e aborda tamén a prevención, sensibilización, detección temperá e asistencia integral ás vítimas.

A tecnoloxía abriu novas vías para captar e controlar vítimas, especialmente menores, a través de redes sociais e plataformas dixitais. Isto esixe unha resposta legal adaptada aos novos escenarios dixitais, algo que non será doado, mais non por iso deixaremos de traballar para a poñer en marcha.

A loita contra a trata require un enfoque integral, interseccional e sostido, que inclúa a cooperación internacional, a educación en igualdade e o fortalecemento dos marcos legais. Só así poderemos construír unha sociedade libre de explotación sexual, baseada no respecto, a xustiza e a igualdade.

A prostitución e a trata están intimamente ligadas. Sen demanda de prostitución, non existiría a trata: son dúas caras da mesma moeda. Por iso, débese traballar para abolir a prostitución, convencidos de que a liberdade e a igualdade das mulleres son incompatibles coa súa mercantilización.

Este 23 de setembro, renovamos o noso compromiso con todas as vítimas. Avogamos por un futuro no que ningunha muller, nena ou neno sexa tratado como mercadoría, e onde os seus dereitos e dignidade sexan plenamente respectados.

Por todo iso, o Pleno Municipal **ACORDA:**

Primeiro: Impulsar, no ámbito das competencias municipais, políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e á abolición da prostitución.

Segundo: Impulsar, no ámbito das competencias municipais, campañas de sensibilización orientadas a informar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acoden a ela"

8.3.- MOCIÓN DO GPM DO PSDG-PSOE SOBRE A CONCENTRACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL DE PROPIEDAD PRIVADA

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE quere presentar unha moción sobre a concentración e ordenación forestal da propiedade privada. A urxencia está motivada porque está directamente relacionada coa prevención e extinción dos incendios forestais.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, adopta o seguinte acordo: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

O concelleiro D. Cristian González Rodríguez procede á lectura da moción que é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A preocupante situación forestal que estamos a vivir en Galicia nos últimos anos e a continuada falla na aplicación da Lei de Montes de Galicia obriga a este grupo municipal a presentar a presente moción. Na nosa provincia, a provincia da Coruña, a maior parte do territorio é forestal, cunha superficie dunhas 509.000 hectáreas, o que supón o 64 por cento do seu territorio total. E gran parte desa extensión está sometida ao minifundismo, o que provoca unha gran desorde e abandono forestal, o que tamén contribúe ao abandono do territorio rural.

É imprescindible poñer en marcha a concentración forestal das fincas de titularidade privada. Unha concentración que sexa adecuada aos tempos que corren, ben xestionada e que contribúa a unha mellor ordenación dos nosos montes, ao tempo que facilite tamén un mellor aproveitamento dos sectores forestal e madeireiro. Do mesmo xeito, é preciso que se articule de xeito que se melloren os accesos ás propiedades, facilitando así un mellor acceso a vehículos de extinción de incendios.

Unha ordenación de calidade pode contribuír a unha mellora das labores de prevención de incendios, pois a concentración dos montes en parcelas de maior tamaño facilitará as tarefas de limpeza e mantemento das fincas, ao tempo que estas medidas axudarán a solucionar os problemas coa regulación do catastro, problemática que, como sabemos, complica a xestión forestal.

Outro sector beneficiado será o gandeiro, xa que se poderían utilizar estas parcelas para a explotación da gandería extensiva ou de pastoreo, como xa se está a facer noutros territorios de España e Europa, mellorando así a economía local.

Neste contexto, consideramos imprescindible establecer un marco normativo que regule as concentracións de montes privados, promovendo unha xestión responsable, sostible e participativa que protexa o noso patrimonio natural, que reduza o risco de incendios e que favoreza o desenvolvemento rural do noso municipio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Lousame eleva ao pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Pedir á Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Rural a posta en marcha das concentracións das parcelas forestais en mans privadas nas distintas parroquias dos nosos municipios.
2. Solicitar á Consellería do Medio Rural a creación de mecanismos de control e supervisión que garantan a legalidade e transparencia nas operacións de concentracións dos montes.
3. Traballar en coordinación con outras institucións e entidades para promover a recuperación, conservación e o uso sostible dos nosos montes.
4. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Rural a que leven a cabo as medidas que recolle a Lei de Montes de Galicia.
5. Impulsar programas de formación, asesoramento técnico e apoio a propietarios de pequenos terreos forestais, para así mellorar a súa xestión e reducir o risco de incendios ou deterioro ambiental.”

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, adopta o seguinte acordo:
“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A preocupante situación forestal que estamos a vivir en Galicia nos últimos anos e a continuada falla na aplicación da Lei de Montes de Galicia obriga a este grupo municipal a presentar a presente moción. Na nosa provincia, a provincia da Coruña, a maior parte do territorio é forestal, cunha superficie dunhas 509.000 hectáreas, o que supón o 64 por cento do seu territorio total. E gran parte desa extensión está sometida ao minifundismo, o que provoca unha gran desorde e abandono forestal, o que tamén contribúe ao abandono do territorio rural.

É imprescindible poñer en marcha a concentración forestal das fincas de titularidade privada. Unha concentración que sexa adecuada aos tempos que corren, ben xestionada e que contribúa a unha mellor ordenación dos nosos montes, ao tempo que facilite tamén un mellor aproveitamento dos sectores forestal e madeireiro. Do mesmo xeito, é preciso que se articule de xeito que se melloren os accesos ás propiedades, facilitando así un mellor acceso a vehículos de extinción de incendios.

Unha ordenación de calidade pode contribuír a unha mellora das labores de prevención de incendios, pois a concentración dos montes en parcelas de maior tamaño facilitará as tarefas de limpeza e mantemento das fincas, ao tempo que estas medidas axudarán a solucionar os problemas coa regulación do catastro, problemática que, como sabemos, complica a xestión forestal.

Outro sector beneficiado será o gandeiro, xa que se poderían utilizar estas parcelas para a explotación da gandería extensiva ou de pastoreo, como xa se está a facer noutros territorios de España e Europa, mellorando así a economía local.

Neste contexto, consideramos imprescindible establecer un marco normativo que regule as concentracións de montes privados, promovendo unha xestión responsable, sostible e participativa que protexa o noso patrimonio natural, que reduza o risco de incendios e que favoreza o desenvolvemento rural do noso municipio.

Por todo o exposto, o Pleno corporativo ACORDA:

Primeiro: Pedir á Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Rural a posta en marcha das concentracións das parcelas forestais en mans privadas nas distintas parroquias dos nosos municipios.

Segundo: Solicitar á Consellería do Medio Rural a creación de mecanismos de control e supervisión que garantan a legalidade e transparencia nas operacións de concentracións dos montes.

Terceiro: Traballar en coordinación con outras institucións e entidades para promover a recuperación, conservación e o uso sostible dos nosos montes.

Cuarto: Instar á Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Rural a que leven a cabo as medidas que recolle a Lei de Montes de Galicia.

Quinto: Impulsar programas de formación, asesoramento técnico e apoio a propietarios de pequenos terreos forestais, para así mellorar a súa xestión e reducir o risco de incendios ou deterioro"

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000012** e identificado pola pegada dixital:

d616e732b0691b576891711cc3fd93b4cbb4a4bb5c96c7dbb421d83150ba6





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión, á hora indicada no encabezamento; da que se estende a presente acta, que asina comigo a Alcaldía e da que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde, Esteban Ares García

A Secretaria, Paula Ares Otero

